



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de outubro de dous mil dezaseis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. - Non asiste Dona Maria López Touza.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado tres de outubro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

Visto o expediente a nome de **DON ADOLFO LORENZO FERNANDEZ** con DNI nº 34.623.307-G, con domicilio na Praza Garcia Boente nº 3, Ribadavia, relativo á subvención para actuacións no 13º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Praza Garcia Boente nº 3.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 7.647,50 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-



Visto o expediente a nome de **DONA INES VAZQUEZ VEIGA, na representación d propietario do inmovible sito en Tomas de Lemos nº 4**, con domicilio na rúa Tomas de Lemos nº 4, 2º, Ribadavia, relativo á subvención para actuacións no 13º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na rua Tomás de Lemos nº 4, Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 5.749,14 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Convocatoria do Consello Municipal de Deportes para o vindeiro día 18 de outubro de 2016.

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Resolución relativa a expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas, mediante un pozo denominado Costa do Belíño, sito en Eirademouros-Santo André, con destino a uso ganadero a nome de Don Antonio Collarte Domínguez.

- Da Secretaria Xeral de Cultura, comunicando Resolución de data 22.09.2016 denegatoria destinadas a colaboración en materia de arquivos.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XUSTIFICACION SUBVENCION CONCEDIDA POLA CONSELLERIA DE TRABALLO PARA ENTIDADES DE ACCION VOLUNTARIA E ENTIDADES LOCAIS ENMARCADAS NO PROGRAMA SERVICIO DE VOLUNTARIADO XUVENIL.-

O abeiro da Orde do 11 de marzo de 2016, polo que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de accion voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa servizo de voluntariado xuvenil, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.

2º.- Que se cumpriu a finalidade para a cál foi concebida a subvención.

3º.- Que se realizaron as actividades que se describen na memoria que se achega.

4º.- Que esta entidade non ten solicitado, aprobado, concedido nin pendente de resolución outras subvencións ou ingresos para a mesma finalidade.



XUSTIFICACION SUBVENCION CONCEDIDA POLA CONSELLERIA DE TRABALLO PARA A PROMOCION DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS A XUVENTUDE NO AMBITO DA EDUCACION NON FORMAL E DA PARTICIPACION.-

O abeiro da Orde do 21 de abril de 2016, polo que se regulan as bases que rexerán as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a promoción e información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas a xuventude no ámbito da educación non formal e da participación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.
- 2º.- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concebida a subvención.
- 3º.- Que se realizaron as actividades que se describen na memoria que se achega.
- 4º.- Que esta entidade non ten solicitado, aprobado, concedido nin pendente de resolución outras subvencións ou ingresos para a mesma finalidade.

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICA PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS ELÉCTRICOS E OUTROS PARA OS DISTINTOS DEPARTAMENTOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Dase conta do expediente que se está a tramitar neste Concello para a contratación do subministro de materiais eléctricos e outros para o distintos departamento do Concello de Ribadavia.

De seguido o Sr. Alcalde somete a aprobación do expediente de contratación relativo a subministración referenciada.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 06.10.2016.
- Prego de prescricións técnicas de data 06.10.2016.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar o Prego de Prescricións técnicas e administrativa para a contratación do subministro de materiais eléctricos e outros para os distintos departamentos do Concello de Ribadavia.
2. Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para dita subministración, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar: Aopil S.L., Ferretería Chito S.L. e Ferretería Avenida S.C..

TOMA DE COÑECEMENTO DE CONVENIO

Os membros da Xunta de Goberno Local, toman coñecemento do Convenio de Cooperación entre o Concello de Ribadavia e a Cruz Vermella do Ribeiro, asinado pola Alcaldía con data 6 de outubro de 2016.



LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de agosto 2016, por importe de 2.641,20 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

TOMA DE COÑECEMENTO DE CONTRATO DE MANTEMENTO

Os membros da Xunta de Goberno Local, toman coñecemento do Contrato de mantemneto dos ascensores municipais (Casa Consistorial e Casa de Cultura) coa empresa Ascensores Norte S.L. , por importe de 92 euros máis I.V.E./mes o da Casa Consistorial e 103 euros máis I.V.E./mes o da Casa de Cultura.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia